

Leonor González Prieto, Nené

Leonor González Prieto, Nené, é unha muller cargada de compromiso, firmeza, decisión, vitalidade e optimismo. Filla de mestres, dedicouse á docencia profesionalmente, actividade da que confesa sente e sentiu sempre unha gran vocación. No persoal, a súa traxectoria diverxe moito das expectativas atribuídas por ser da burguesía pontevedresa, o que en ocasións non lle fixo fácil ser quen é.

A infancia de Leonor transcorreu entre aulas e, por tanto, nun ambiente marcado pola actividade escolar. Súa nai foi directora da sección feminina do colexio Graduada Álvarez Limeses, situado na altura no 1º andar do actual Parador de Turismo. Este singular edificio sería a residencia familiar até que Leonor tivo 17 anos de idade. Del garda Nené un recordo moi especial, dos grandes espazos, dos longos corredores, da escalinata que dá acceso aos diferentes andares, e tamén das dificultades:

“Nós vivíamos no Parador de Turismo porque a miña nai tiña a Graduada Álvarez Limeses na primeira planta do Parador [...]. E nós vivíamos na planta de arriba. Alí non había calefacción, alí solo o braseiriño e despois o resto frío como... os espacios eran enormes pero [...] quen quentaba aquilo... Nós eramos conscientes de que tiñamos que vivir así porque a situación era esa e non cabía outra cousa”.

Seu pai, Joaquín González, tamén foi mestre de profesión, ademais de deportista de elite. Chegou a ser campión de España de xavelina, disco, peso e martelo e dedicou boa parte da súa vida ao fomento das actividades deportivas: foi funda-



dor da Sociedade Ximnástica, do Teucro, do club de pesca local e presidente da Federación Galega de Balonmán.

Desde moi pequena a vida de Nené estivo moi ligada á de seu pai. Cando ela era apenas unha nena, unha vez acabada a Guerra, seu pai foi destinado a unha escola unitaria no sur da provincia de Pontevedra, na parroquia de Barcia de Mera, concello de Covelo, moi lonxe da súa familia, que mantivo a residencia en Pontevedra. O fundador da Ximnástica compartía espazos con apelidos como os Rei (Arturo Rei, Benigno Rei), os Adrio (José Adrio, Luís Eladio) ou os Pozo, persoas coñecidas en Pontevedra pola súa ideoloxía de esquerdas.

“El non se manifestaba demasiado esquerdoso pero o que estaba claro é que estaba aí, estaba aí muito máis próximo [...] Y este hombre, cuando ya apareció la Guerra Civil, ya se acabó y tal, lo destinaron a una escuela fuera. Él estuvo represaliado. Y no lo mataron, a él, así como mataron a uno de los Rei que te digo: Benigno Rei quedó en una cuneta; Luisín Adrio quedó en otra cuneta; y algún Posa también. O sea, a él no lo mataron porque claro, él era internacional, él era un personaje. [...] Bueno, el otro día me decía alguien: Bueno, debió ser por más cosas que esas porque mataron a Bóveda, que estaba en Pontevedra y era un personaje en Pontevedra, ¿no? [...]. Bueno, no sé que es lo que pasó. El caso es que yo me fuí a vivir con él a la aldea y aquello ya fue otro comienzo”.

Afastado da familia, Nené converteuse no seu apoio e na súa compañía, pois na familia decidiran que ela se trasladaría a vivir con el e así evitar que ficara só.

“Entón aí vivín muito tempo. Separada das miñas irmáns e da miña nai. E viñamos os fins de semana. [...] A cousa é que a xente tampouco sabía que eu era unha nena porque... eso tamén determinou un pouco a miña personalidá porque eu ao chegar alí levaba unhas trenziñas, collín uns piollos e afeitáronme a cabeza e a miña nai fíxome unha cousa que se chamaban uns petiños que era como uns pantalóns cun botonciño aquí que levabas no peto e un pantalonciños largos para que non arañaran as zarzas nas pernas. E entonces a xente chamábame o homiño do maestro. Eu era o homiño do maestro[...].”

O “homiño do maestro” era Leonor González Prieto. Mestra de profesión, igual que seus pais, estudou o Bacharelato no Instituto e despois Maxisterio, profesión que exercería durante a maior parte da súa vida. Con todo, non era esta a súa primeira elección. Ela quería estudar exactas, que era o nome que recibían as matemáticas, e despois, confesa, tería feito medicina pero súa nai díxolle que non podía ir para Santiago e que sería suficiente con ser mestra.

Aconsellada por seus pais, Nené preparouse na escola Isabel A Católica para exercer como instrutora da Sección Femenina despois de realizar a carreira de Maxisterio e nun ano conseguiu a habilitación para poder impartir a materia que levaba o nome de Política ou Cívico Social. Afrontou esta etapa como unha máis da súa vida pero co tempo fóronlle xurdindo moitas preguntas. Era difícil entender como, vendo a traxectoria de seu pai, desde a familia a induciran a iso, pois sempre tiveran moi boa relación con persoas asasinadas durante o franquismo,



como a familia Bóveda; Amalia Álvarez, compañeira de Alexandre Bóveda, era íntima amiga de súa nai. Ou a súa relación con Aurora Adrio Poza, filla de José Adrio, gobernador de Ourense, asasinado, e a quen visitaba con frecuencia aínda traballando na Sección Feminina. Nunca se falaba deste tema, era como se non pasase nada. De todo isto Nené fíxose consciente de maior e agora comprende que posiblemente seus pais se refuxiaron no bando represor por medo ou por protexela a ela.

“Eu nunca na miña vida de xuventude tuven a sensación de estar militando en un partido como resultou ser este”.

Da súa etapa de instrutora quédalle a día de hoxe a súa preocupación polas posibles consecuencias nas alumnas. Con todo, nas súas aulas tratábanse temas alleos ao oficial, e incluso contrarios, relacionados co ambientalismo, a igualdade ou a tolerancia, entre outros. E é que Nené sempre defendeu con grande firmeza e coraxe os seus principios ideolóxicos, aínda en contextos que puideran ser belixerantes.

Cumpridos os 23 anos trasládase a Arxentina xunto coa súa parella, Jesús Muruáis. A emigración ofreceulle un mundo novo de posibilidades que lle permitiron achegarse a outras formas de vivir e entender doutra maneira todo o que deixaba atrás. A súa estadía en América do Sur prolongouse durante 13 anos e, ademais de Arxentina, residiu en Ecuador e Perú e neste período naceron os seus fillos. A nivel profesional, exerceu como mestra e xefa do departamento de Educación Física dun colexio experimental da UNESCO que formaba 1500 alumnas. Foron precisamente os seus fillos o motivo polo que decidiu regresar a Galiza.

Así pois, no ano 1969 volve a Pontevedra, onde se instala, e comeza a impartir aulas de Educación Física no colexio Las Calasancias. Firme defensora dos dereitos da muller e loitadora incansable nunha época en que apenas se falaba deste tema, Nené defendeu nas aulas as súas conviccións.

“A pesar de todo, cuando volví tenía que recurrir a las clases porque yo no tenía otra cosa, estaba formada para eso. Y te digo que me ofertaron clases de Educación Física en Las Calasancias, que era un colegio religioso. Y, bueno, pues el profesorado de educación física de Pontevedra hacía todos los años al finalizar el curso una especie de exhibición gimnástica. Y entonces me llamaron para ver si quería participar. Yo fui a la reunión, las escuché a todas. Una diciendo: yo voy a presentar... tenías que decir cuanta gente ibas a presentar, que ibas a hacer y tal... Yo voy a hacer una tabla y voy a presentar a 15 porque estas son bailarinas de ballet; y otra: pues yo presento a 22 porque son las que hacen no sé que [...] Y entonces yo, que estaba allí toda callada: Mira, Nené, y ¿tú qué vas a hacer? ¿Tú qué quieres hacer? [...] Yo soy el garvanzo negro de este cocido, pues yo allí tampoco encajaba. Porque yo le dije: Mira, yo tengo 320 alumnas y o saco a las 320 o no salgo. Y saqué a las 320. [...] Ellas tenían también 300 o 400 alumnas en el instituto, o en la escuela, o donde fuera... lo que pasa que ellas solo querían sacar a las perfectas. Yo sacaba a las perfectas, a las pluscuamperfectas, a las



gordas, a las flacas, a las feas y a las guapas. Porque creía que era así como tenía que ser”.

As inquedanzas de Nené non cesaron e, nun intermedio da súa carreira docente, converteuse na xerente dunha tenda de roupa chamada Xeito.

En realidade, as inquedanzas de Nené son moitas e en todas elas puxo todo o seu empeño e esforzo. Como mestra, como deportista e no compromiso adquirido coa sociedade. Esta última faceta é tamén a responsable da Nené recoñecida publicamente. Á súa chegada de regreso a Pontevedra, despois da súa estancia en América do Sur, agardábaa unha desagradable e inesperada sorpresa, da que nada tiña oído falar en América. No ano 1963 Francisco Franco inauguraba en Lourizán a empresa nacional de Celulosas. Xorden, en consecuencia, actos de protesta en contra desta industria que se sabía sería mortal para a ría de Pontevedra. As mariscadoras defenderon con coraxe pero sen éxito o seu lugar de traballo e a fábrica foi finalmente ocupar un espazo privilexiado. A partir dese momento iníciase unha nova batalla que perdura aínda hoxe: botar ENCE fóra da ría.

E nesta loita contra ENCE pasou Nené boa parte da súa vida, e aínda está. A súa implicación nace da indignación e da dor de ver convertida a ría da súa infancia nunha “escura cloaca”, como ela mesma a definiu. Por medio dun diario de Pontevedra soubo que ía ter lugar unha reunión para falar da situación da ría e decide asistir. Naquela reunión celebrada a finais de 1987 nacería a Asociación pola Defensa da Ría, cuxa xestoría nomearía como presidente o arquitecto Martínez Sarandeses e a Nené como vicepresidenta.

Foron anos de intenso traballo e de compromiso social e ambiental. Pouco despois, Sarandeses deixa o cargo da presidencia da asociación, responsabilidade que asumiría Nené até ser ratificada na asemblea do ano 1991. A súa etapa como presidenta defínea como unha loita moi, moi intensa, de moito traballo e chea de obstáculos por parte de quen pretendeu obstaculizar o seu labor.

“¡Además después, el periódico reaccionó muy mal porque nosotros empezamos con fuerza! y nos decían: Nené y sus muchachos; Nené y sus comparsas; Nené y sus secuaces. Así titulaban en el Diario de Pontevedra. Lo que querían era... como desprestigiarme a mí. Porque yo, una pequeña burguesa pontevedresa con mi ideología tal, ¿como me atrevía a meterme con un monstruo, con una fábrica de esas, con los puestos de trabajo, con los no sé que...? [...] Cuando se montó eso, solo en montarse se perdieron 1500 puestos de trabajo de pesca de bajura y después todo lo que era la ría, el marisco, todo eso... contaminado. Un horror”.

A súa decisión, capacidade de traballo e o esforzo por informarse reforzárona nas súas ideas e contribuíu a manter a firmeza a pesar de que mesmo chegou a recibir algunha ameaza de morte. Con todo, a asociación estaba moi unida pola



loita común e os compañeiras e as compañeiras de Nené apoiárona sempre e sentir o seu apoio foi un alento de forza que a impulsou a seguir. Xuntos conseguiron algunhas das mobilizacións de maior repercusión na cidade, unir boa parte da sociedade pontevedresa na loita contra ENCE e facer da rúa o espazo público de reivindicación. Foi unha etapa de moito traballo pero, sen dúbida, da que se sente moi orgullosa:

“Bueno, eu traballei como unha loca e desde logo, de verdade, considero que foron uns anos mui bonitos, mui bonitos aos que dediquei muito tempo sin perder nunca de vista nin a miña profesión nin a miña familia. Porque eso, era tamén mui importante para min”.

De todo este período destaca, no entanto, un momento difícil para ela e que foi o motivo polo que decidiu rebaixar o seu nivel de participación na toma de decisións da asociación. Ese momento foi cando en 2002 se celebrou un ansiado xuízo contra Celulosas e as persoas responsables foron acusadas de delito ecolóxico continuado. Este xuízo, que debería ser un xanela ao mundo das consecuencias ambientais de industrias deste tipo, do dano que poden ocasionar en localizacións como a ría de Pontevedra e unha demostración do que se pode conseguir coa loita social, non tivo para Nené as repercusións que agardaba. O fiscal decidiu co avogado e coa asociación pactar que ENCE recoñecería o delito ecolóxico continuado e o xuízo resolveuse nunha mañá, sen apenas repercusión na prensa e sen prolongamento do xuízo. Na súa opinión, todo o traballo que tiñan realizado non se podía solucionar nunha mañá. Con todo, e a pesar das discrepancias, nunca abandonou a asociación e segue sendo unha firme defensora do seu labor.

“Luchamos muchísimo, muchísimo. Hasta conseguir que los declarasen [...] delito ecológico continuado. Y en ese momento dejé la presidencia. Porque yo... no me gustó como se hizo el juicio; yo no quería ese juicio; y como el abogado nuestro veía que era mejor así y como la asociación también se posicionaba, pese a que yo todavía era presidenta, todos opinaban que si... La cuestión era que yo quería que se les sentase y se les hiciese un juicio largo. Y ellos pasaron por hacer un juicio en una sola sesión y juzgar a los siete directivos de ENCE más importantes [...]. Ellos se levantaban y decían: <<Sé que somos responsables de delito ecológico continuado>> y se volvían a sentar. Y en una mañana zanjamos la historia. Con lo cual, ni salimos España, ni salimos al mundo, ni siquiera salimos en los medios de comunicación!”

Despois virían outros reveses froito de políticas pouco democráticas. Así pois, sendo Mariano Rajoy presidente en funcións, no ano 2016 o goberno anuncia a prórroga da concesión na ría de Pontevedra até 2073. Nené teno claro; non se trata de defender Pontevedra, de asegurar postos de traballo ou de crear riqueza na cidade:

“E encima presume de pontevedrés. [...] E Ana Pastor... presumindo tamén de pontevedresa. O que pasa que claro... eles o que teñen é un consello de



administración esperándoos alí, un bo sillón, unha boas tal... Porque aí está Isabel Tocino, esta que foi ministra de Medio Ambiente con Aznar; e aí está Carlos del Álamo, que foi conselleiro de Medio Ambiente con Fraga. E están allí sentados cobrando un pastón. E para que ellos estén ahí la fábrica tiene que seguir estando. Si la fábrica se va, se acaban los sillones”.

Muller incansable e de sabedoría calma, confesa que aos seus 85 anos é máis mala que nunca e que agora quere facer todas aquelas cousas que non fixo antes porque xa non ten moito que perder.

“Eu son transgresora por natureza? Seguramente son transgresora por natureza. Porque ademais vouche contar unha cousa. Iso de ser tan sumisas e tan boa xente como éramos e todo aquilo tan bo, aquilo non nos levou a nada. Sólo cando as mulleres fomos capaces de sacar un pouco os pés do plato salimos da caverna. Porque sinón... se nos hubéramos deixado aínda estábamos así con esa imaxe que hai que nos tiran do pelo [...]. Es una verguenza, una verguenza”.